

Cara ás outras ou cara a unha mesma, pode desde revelar mecanismos de reafirmarse sobre o que se considera periferia social até facer dunha propia obxecto de autoironía. O humor, nas súas múltiples faces, é un dos alicerces das formas populares, por voltas tan deostadas. Á súa dignificación contribúen as 'Actas da XIII Xornada de Literatura de Tradición Oral', organizadas pola

AELG, a AS-PG e a Deputación de Lugo.  
**Texto Irene Pin @serfaiscas + Foto Castelao / AELG**

Ilustración de Castelao  
 na que emprega o humor popular.

Actas da XIII Xornada de Literatura de Tradición Oral

# Humor, do signo de identidade á crítica social

**R**ir non é cuestión menor. Ao contrario. O humor ten con frecuencia un carácter revulsivo, tamén como unha maneira de afrontar a vida. Castelao sabíao ben. Son xustamente as súas ilustracións as escollidas para encabezar as *Actas da XIII Xornada de Literatura de Tradición Oral*, organizada na cidade das murallas pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, a Asociación Socio-Pedagóxica Galega e a Deputación de Lugo, que veñen de ver a luz. *O humor na literatura de tradición oral* é o tema escollido, procurando achegarse a un "dos recursos da comunicación fundamentais para construír un discurso" que pode ir "desde o amábel e educado até o crítico ou irrespectuoso", explica a *Nós Diario* Antonio Reigosa, coordinador xunto a Lois Pérez.

Alén deles, Paula Carballeira, Quico Cadaval, Xosé Lois González 'O Carrabouxo' e Suso Lista partillan as súas opinións,

distanciándose por veces da conferencia convencional para empregar os mesmos recursos que tentan explicar, xa sexa na forma ou no exemplo.

## Identidade retranqueira

"É evidente que a oralidade está presente na literatura universal porque de 300.000 anos de *homo sapiens* só nos últimos 5.000 aparece a escrita", lembraba Lista. Nesta liña, o presidente da AELG, Cesáreo Sánchez, apuntaba que "se a tradición oral é determinante na construción dun sistema literario, o humor é un dos alicerces de toda cultura, habitando nas capas máis profundas da súa identidade". E así acudía a Umberto Eco: "O trágico e o dramático son universais, mentres que o cómico, non".

"Trátase dunha arma cultural", di Reigosa, cuxa manifestación en cada cultura presenta as súas propias particularidades. Á galega adoita atribuírse un especial don para o uso da retranca, que se ben é certo que "non somos os únicos,

si que é un tipo de humor que, por cuestións históricas, aparece para defenderse contra as agresións dunha cultura dominante e unha lingua de poder", engade.

"A nosa retranca é pródiga en sorrisos leves", afirma Lista, que na súa conferencia "Humor Salgado" intenta referir as particularidades no eido mariñeiro fronte ao labrego. "A barbaría e a taberna eran as universidades do saber", asegura. E nun destes centros neuráxicos sitúase Cadaval en "A ágora da taberna", un espazo masculinizado, con práctica ausencia das mulleres que acarrea "o estigma do popular e do alcoólico", expresa, matizando as "dúas varas de medir" do alcolismo, doenza "muito mais nociva se se é pobre". En calquera caso, Cadaval lembra que "os chistes chamábanse contos, pois sempre se esperaba que o conto rematase com algun recurso humorístico".

## Rir do mundo

"Rir do mundo, comezando por nós" é o asunto que ocupa

a Carballeira, quen reconece o seu respecto por ese ser humano capaz de tropezar dúas (se non máis) veces coa mesma pedra, coa capacidade "de rir da nosa torpeza". Desde a súa perspectiva de contacontos, tamén nos ilumina: "Co humor dámoslle a volta á resolución inxusta do conflito, sempre en mans de quen ostenta o poder, e así o que se premia non é a riqueza material, senón a capacidade de cambiar o esperábel, o establecido, a través da astucia ou dunha maneira optimista de ver o mundo".

Xosé Lois González 'O Carrabouxo' relaciona "Lingua e humor", desde os refráns as cantigas, e atreveuse a presentar unha cualificación de cinco modalidades especificamente galegas: "retranca, rexouba, trasacordo, retrónica e sorna". Apunta ademais outra das cuestións máis recorrentes: a teima de definir o humor, cadaquén á súa maneira. E a mellor, para el, a de Celestino Fernández de la Vega en *O segredo do humor*



Que lástima de pois



(Galaxia, 1963) -obra de referencia na produción ensaística galega sobre o tema e que serviu de título a unha das mesas redondas: "Poucas cousas se teñen definido tanto como este fenómeno indefinibel".

A sesión práctica de Lois Pérez "Contaba morrer" fechou as xornadas cunha reflexión, ategada de digresións, arredor dos mecanismos que poboan a nosa oralidade, na que destaca unha "teatralidade que se nutre non só do xesto e a proxémica senón tamén: a digresión e a lenta aproximación ao obxectivo, o rodeo, o paralelismo, o contraste, o diálogo co público, a interrupción, os incisos, a elipse surrealista, as consideracións marxinais...".

#### Debates abertos

As mesas redondas ofreceron unha oportunidade de participación das persoas asistentes, nunhas xornadas que se organizaron de maneira presencial malia o esforzo e incerteza

que isto supuña por mor da Covid-19. Xurdiron así debates que veñen de longo, como o da infrarrepresentación do feminino. "O humor ten a característica de que é colectivo, unha acción pública. E é parlamentar, precisa varias voces porque desa maneira púese. As mulleres tiñan menos ágoras que os homes. E logo tamén hai que dicir que a muller que é enxeñosa normalmente levanta unha sospeita porque non está aceptada a súa posición", comentaba Cadaval.

Por outra banda, tamén sería motivo de polémica outra das cuestións tan habitualmente ligadas ao humor, os seus límites, desde os casos nos que se cuestiona a liberdade de expresión a situacións nas que pon en evidencia ideoloxías xenófobas, racistas ou machistas. Sen conclusións firmes nesas augas pantanosas, Pérez apunta unha idea a ter en conta: "Hai dous sentidos do humor. Un, de arriba a abaixo, e outro, de abaixo cara a arriba".

Xa levamos

1  
ANO  
XUNTOS

Celebrámolo convidando a todos a gozar dun **dominio .gal** cun prezo vantaxoso para os subscritores.

13€  
+IVE **.gal**

Infórmate ao renovar ou iniciar a túa subscrición.

Oferta válida ata o 28 de febreiro ou fin de existencias.

nós  
DIÁRIO